



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

Expediente Subtel: 2026000013762

Referencia: BCONSER-CD / 2026

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA ESTUDOS DE DANZA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2026

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación de persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de BOLSAS PARA ESTUDOS DE DANZA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2026, que foi publicada no BOP 104, do 4 de xuño de 2026, de acordo co seguinte:

PERSOAS ADMITIDAS:

Interesado/a	Estudos obxecto da solicitude
Catuxa Villazón Busta	International Dance Experience
Lucía Vázquez Rojo	International Dance Experience
Carmen Bel Botana	International Dance Experience
Ileri Paz Hernández	ESAEM (Escuela Superior de Artes Escénicas De Málaga)
Iria López Rilo	REAL CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA "MARIEMMA"
Candela Boile Nielsen Sicilia	ESAEM Escuela Superior de Artes Escénicas de Málaga
Victoria Novo Sousa	Curso de verano 2026 ESZENA DANZA
Lucía Quiroga Pérez	Summer Intensive Ballet de Galicia
Andrea Castro Romay	Summer Intensive Ballet de Galicia
Lino Suárez Ouro	Curso Intensivo de Verano Jac Ballet

PERSOAS EXCLUÍDAS:

Segundo.- Conceder un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da data da publicación da resolución de persoas admitidas e excluídas no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións para emendar erros polas causas de exclusión das solicitudes non admitidas.

Transcorrido este prazo sen que as persoas excluídas emenden as causas de exclusión, considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, e esta resolución elevarase a definitiva.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, infórmase de que a presente resolución esgota a vía administrativa, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.